



**PROBA RAE-HIH101, DE CARÁCTER ESPECÍFICO, PARA O ACCESO ÁS
ENSINANZAS DE CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO EN HÍPICA**

Para a superación das probas de carácter específico cumprirá a avaliación positiva na totalidade dos criterios de avaliación descritos nelas.

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación:

► **Describe e realiza o manexo do gando equino en tempo e modo adecuados, segundo a súa idade, o seu uso e a súa condición, aplicando os métodos de restrición con seguridade e de forma que se alcancen os obxectivos establecidos.**

- a) Aproximouse ao cabalo no box ou *paddock*, con seguridade e seguindo os protocolos establecidos.
- b) Colocouse axeitadamente a cabezada de corte e efectuouse un paseo do/da destro/a, todo iso con seguridade e seguindo o protocolo establecido.
- c) Detectáronse os signos de boa e mala condición física e o estado de benestar do cabalo.

PROBA ASOCIADA: PROBA PRÁCTICA DE MANEXO DO CABALO.

- Achegarse ao cabalo no box ou *paddock*.
 - Revisión do seu estado físico e anímico e do seu carácter.
 - Colocación da cabezada de corte.
- Condución do cabalo do/da destro/a desde a zona de box á zona de exame, atándoo con nó de seguridade para a súa limpeza e para a colocación do equipamento de monta.
- **Realiza a limpeza e a hixiene do cabalo, aplicando as técnicas de limpeza, aseo e arranxo das crinas e da cola do cabalo.**

- a) Efectuáronse a limpeza e o aseo do cabalo con corrección, utilizando os utensilios acaídos e consonte os principios de hixiene do cabalo.
- b) Executáronse as técnicas de arranxos capilares de crinas e cola, de acordo coas características capilares do cabalo.
- c) Efectuouse a limpeza dun box (cama, comedero e bebedeiro) seguindo os protocolos establecidos e utilizando os materiais e as ferramentas da corte con seguridade.

**PROBA ASOCIADA: PROBA PRÁCTICA DE LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DO
CABALO E DO BOX.**

- Efectúa a limpeza completa do cabalo.
- Arranxa a crina, a cola e o trenzado.



- Realiza a limpeza da cama e do box.

► **Selecciona, coloca e mantén os equipamentos para a monta, identifica as súas características e analiza as técnicas de colocación, aplicando as súas técnicas de limpeza.**

- a) Identifícanse as partes dos equipamentos de monta e traballo do cabalo.
- b) Elixíronse os equipamentos máis adecuados consonte as características morfolóxicas e a disciplina que se vaia realizar.
- c) Executáronse as secuencias de tarefas para adaptar, colocar, retirar e almacenar o equipamento no cabalo.
- d) Identifícanse e solucionáronse as continxencias xurdidas na colocación do equipamento no cabalo.
- e) Presentouse o cabalo ao/á destro/a co equipamento de montar, en condicións de seguridade.
- f) Identifícanse as zonas do cabalo propensas a rozaduras e feridas provocadas polo rozamento dun equipamento inadecuado ou mal colocado, e aplicáronse as medidas necesarias.
- g) Efectuouse a limpeza do equipamento completo dun cabalo cos materiais e os produtos de limpeza do equipamento axeitados.

PROBA ASOCIADA: PROBA PRÁCTICA DE MONTAXE, COLOCACIÓN E LIMPEZA DO EQUIPAMENTO.

- Preséntanselle equipamentos (monturas, cabezadas, proteccións e martingadas) de polo menos tres tipos, todas desmontadas.
- Realiza a limpeza do material utilizado.
- Realiza a montaxe do equipamento.
- Realiza a colocación do equipamento de montar sobre o cabalo.
- Presenta o cabalo ao/á destro/a na pista con equipamento de montar.
- Realiza a retirada e a desmontaxe do equipamento.

► **Valora o comportamento do cabalo antes da monta, analizando e identificando as súas características físicas, o seu carácter e as súas aptitudes, así como as anomalías físicas máis importantes que limiten ou impidan a monta.**

- a) Describiuse o carácter do cabalo utilizado e as consecuencias para o seu manexo e a súa monta.
- b) Describíronse procedementos prácticos de traballo pé a terra que poidan afondar na valoración do comportamento do cabalo durante a súa monta.



- c) Identificáronse os sistemas de traballo previos á monta acordes co carácter e co temperamento do cabalo.
- d) Describíronse os factores que determinan o estado físico e anímico do cabalo en movemento.
- e) Identificáronse as reaccións que pode presentar o cabalo durante o momento de montar e desmontar.

PROBA ASOCIADA: PROBA DE VALORACIÓN DO CABALO ANTES DA MONTA.

- Tras as probas prácticas de manexo do cabalo, de limpeza e acondicionamento do cabalo e do box, e de montaxe, colocación e limpeza do equipamento, responder oralmente ás preguntas do tribunal avaliador sobre o carácter, o estado físico e o comportamento do cabalo utilizado no box e durante a condución, a limpeza e a colocación do equipamento, así como durante os traballos pé a terra.
- f) Describíronse os factores que determinan o estado físico e anímico do cabalo en movemento.
- g) Describíronse as respostas do cabalo durante a súa monta que determinen actuacións compensatorias en montas posteriores.
- h) Describíronse os factores ambientais e externos con incidencia no carácter do cabalo durante a súa monta.

PROBA ASOCIADA: PROBA DE VALORACIÓN DO CABALO DURANTE A MONTA.

- Durante a realización da proba práctica de monta, responder oralmente ás preguntas do tribunal avaliador sobre os factores que inflúen no comportamento do cabalo durante a súa monta.
- ***Monta a cabalo tanto en pista coma fóra dela, describe as técnicas básicas de equitación e executa os aires con eficacia, aplicando a técnica axeitada ou correcta.***
- a) Seleccionáronse as técnicas máis adecuadas en cada caso, para montar e desmontar do cabalo.
- b) Realizáronse os protocolos de seguridade e a técnica correcta de montar e desmontar do cabalo.
- c) Executáronse a posición e o asento correctos do/da aspirante no cabalo.
- d) Executouse, durante o quecemento, o desprazamento aos tres aires, con e sen a axuda dos estribos, cunha posición e un asento correctos, con dominio técnico e seguridade.
- e) Executáronse, na proba de doma, as técnicas correctas para se desprazar e evolucionar a cabalo aos tres aires, realizar paradas, transicións e figuras de picadeiro con soltura, corrección e eficacia, valorando posición e asento do/da xinete, emprego das axudas aos



tres aires, en paradas e transicións, e actitude do cabalo sobre impulsión, cadencia, equilibrio, rectitude e corrección na execución.

f) Describíronse as axudas empregadas polo/pola aspirante durante a monta nos exercicios, e a súa finalidade.

g) Demostráronse o dominio e a técnica suficientes para superar a proba de saltos de obstáculos, ao aire de trote e galope, valorando a posición, o asento e o equilibrio do/da xinete, o emprego das axudas, a actitude do cabalo sobre a impulsión, a cadencia, o equilibrio, a rectitude, o punto de batida no salto e a corrección na execución.

h) Demostráronse o dominio e a técnica suficientes para superar o percorrido de *cross* ao aire de trote e galope, valorando a posición, o asento e o equilibrio do/da xinete, o emprego das axudas, a actitude do cabalo sobre a impulsión, a cadencia, o equilibrio, a rectitude, o punto de batida no salto e a corrección na execución.

i) Executáronse durante a proba práctica as respostas axeitadas para responder ás condutas inadecuadas do cabalo montado.

PROBA ASOCIADA: PROBA PRÁCTICA DE MONTA.

- Presenta o cabalo do/da destro/a na pista con equipamento de montar.
 - Sobe ao cabalo, utilizando polo menos dous procedementos.
 - Realiza un quecemento individual aos tres aires, con e sen estribos.
 - Realiza unha proba individual con evolucións en pista aos tres aires, con paradas, transicións e figuras de picadeiro.
 - Executa unha proba de salto (tipo *hunter*) de oito obstáculos de diferentes tipos e cunha altura de 0,80 metros, aos aires de trote e galope intercalados.
 - Executa un percorrido de *cross* de polo menos 1.000 metros de lonxitude e oito obstáculos cunha altura máxima na súa parte fixa de ata 0,80 metros, con dificultades técnicas do nivel de promoción.
- j) Describíronse as técnicas para montar e desmontar do cabalo máis adecuadas a cada caso.
- k) Describíronse a posición e o asento do/da xinete na cadeira.
- l) Describíronse as axudas do/da xinete, o seu emprego, a combinación e a coordinación para obter as respostas requiridas no cabalo.
- m) Describíronse os erros de aplicación das axudas máis frecuentes en cada caso.

PROBA ASOCIADA: PROBA TEÓRICA SOBRE TÉCNICA DE EQUITACIÓN.

- Responde mediante proba escrita sobre a técnica de equitación.
 - Asento e posición.
 - Axudas: acordos de axudas e aplicación.



- Aires do cabalo: definición e secuencias.
- Erros máis frecuentes na aplicación das axudas.

► **Identifica as características básicas da corte, e describe as técnicas e as normas básicas de execución e seguridade, os materiais e as instalacións de soporte para o traballo pé a terra, a monta e a limpeza do cabalo.**

- a) Definíronse os requisitos básicos de deseño das instalacións fundamentais dunha corte, e identificáronse e matizáronse os materiais óptimos para a seguridade e a comodidade dos cabalos.
- b) Enumeráronse os materiais para camas.
- c) Identificáronse os procedementos de condución e control do cabalo do/da destro/a.
- d) Describíronse as técnicas de rapa e mantemento dos utensilios.
- e) Describiuse a secuencia de tarefas que compoñen o manexo específico co cabalo previas á colocación do equipamento.
- f) Enumeráronse as instalacións que se empregan para a monta do cabalo.
- g) Relacionáronse as instalacións co traballo específico que se vaia realizar.
- h) Describíronse, identificáronse e seleccionáronse os materiais de apoio para o traballo montado.

PROBA ASOCIADA: PROBA TEÓRICA DE PREPARACIÓN DO CABALO, E MATERIAIS E INSTALACIÓNS PARA A MONTA.

- Responde mediante proba escrita sobre o manexo e os coidados do cabalo.
 - Limpeza de cortes: tipos de camas.
 - Limpeza do cabalo.
 - Utensilios de limpeza do cabalo e das cortes.
 - Trenzados e rapados.
 - Equipamentos de montar: tipos. Embocaduras. Protectores. Rendas auxiliares.
 - Instalacións deportivas, materiais e equipamentos de equitación.
- Responde mediante proba escrita sobre instalacións deportivas, materiais, equipamentos e técnicas de equitación.

PROBA ESCRITA.

3.1. Proba teórica sobre técnica de equitación.

3.2. Proba asociada: proba teórica de preparación do cabalo e materiais e instalacións para a monta.

Condições básicas de realización da proba de carácter específico: espazos e equipamentos.

Espazos.



- Aula de 40 m² a 60 m².
- Pista de saltos dun mínimo de 1.600 m².
- Espazo libre en campo para un percorrido duns 1.000 m.

Equipamentos.

- Mínimo dun cabalo cada dous/dúas aspirantes ao día con aptitude suficiente para realizar as probas.
- Equipamentos completos de varias especialidades.
- Xogo de obstáculos en pista para montar catro verticais e catro fondos e boleas.
- Mínimo de oito obstáculos, dos cales polo menos catro serán permanentes, montados na proba de *cross*.

EXENCIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA DE CARÁCTER ESPECÍFICO A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL E ALTO RENDEMENTO

Estarán exentos/as de superar a proba de carácter específico que se establece para ter acceso ao ciclo inicial de grao medio en Hípica os/as deportistas que acrediten:

- a) A condición de deportista de alto nivel nas condicións que establece o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, para a modalidade ou especialidade deportiva correspondente.
- b) A cualificación de deportista de alto rendemento ou equivalente en Hípica, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.
- c) Ter sido seleccionado/a pola Real Federación Hípica Española para representar a España, dentro dos dous últimos anos, en polo menos unha competición oficial internacional de categoría absoluta ou categoría de xinete novo/a, na modalidade correspondente. Entenderase como competición oficial os campionatos de Europa ou do mundo nas disciplinas híxicas de Salto de Obstáculos, Doma e Concurso Completo.
- d) Dispor do certificado expedido pola Real Federación Hípica Española, que acredite o galope de nivel 7 nas modalidades híxicas de saltos de obstáculos e doma, e o galope de nivel 5 na modalidade hípica de concurso completo, do Regulamento de titulacións de xinetes da referida federación.